

Impartido polos docentes da **Facultade de Ciencias da Educación** da **Universidade da Coruña**:

- **Profa. Dra. M^a Cristina Naya Riveiro**, Profesora Contrada Doutora
- **Prof. Dr. Enrique de la Torre Fernández**, Profesor Titular.

Catro sesións teóricas de **dúas horas** de duración (**de 11 a 13 horas**) a desenvolver os días **23 e 30 de abril, e 7 e 14 de maio de 2021**, nas instalacións da **Universidade Sénior** en **Normal** (Paseo de Ronda, 47, 1º) **da Coruña**.

As **prazas son limitadas**, tendo **preferencia os alumnos e alumnas matriculadas** na Universidade Sénior no **curso 2020-2021**, e serán **asignadas por rigurosa orde de inscrición**.

A **inscrición** só poderá realizarse **mediante formulario electrónico** no seguinte **prazo: do 10 ao 18 de abril**, a través da páxina **web: www.udc.gal/senior**, ou o seguinte código QR:

Mais información:

Universidade Sénior
- A Coruña
Edificio Normal
Campus de Riazor
Tlf. 881014507
udc.senior@udc.es

Inscrición:



UNIVERSIDADE SÉNIOR - UNIVERSIDADE DA CORUÑA

SEMINARIO

CONEXIÓNS MATEMÁTICAS

Abril e Maio de 2021

MAIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓN NA
SECRETARÍA DA UNIVERSIDADE SÉNIOR



WWW.UDC.GAL/SENIOR

Metodoloxía

A materia se desenvolvería en sesións presenciais (se as circunstancias o permiten, e se non serían sesións síncronas por Microsoft TEAMS e gravadas) de dúas horas.

Os catro bloques en que se divide a materia pretenden amosar a estreita relación entre as Matemáticas e varios ambientes presentes na vida diaria.

Comezando pola Arquitectura, poderemos coñecer como no deseño, na construción, nos proxectos, etc. aparecen cuestións que as Matemáticas poden resolver, propoñer exemplos, ou modelar situacións que sería difícil de visualizar ou afrontar sen o seu uso.

A Mecánica, como parte da Física, está chea de exemplos onde as Matemáticas, aínda as máis elementais, aportan solucións e evidencian o seu papel como modeladoras da realidade e a súa íntima conexión con ela.

A Moda, presente diariamente nas nosas vidas, e non soamente no que atinxe ao vestir, se non tamén na xoiería, o mobiliario ou o transporte, é un campo onde as Matemáticas colaboran e aportan información dunha maneira moi importante. Tentarase facer evidente esa conexión e amosar exemplos que temos no noso entorno.

Por último, na Arte e na Natureza tamén atopamos as Matemáticas. Por unha banda, a Arte toma coñecemento das Matemáticas para amosar a beleza e a realidade, inventada ou ficticia. E a Natureza, máis que coller as Matemáticas, nos amosa de que maneira esta aparece, xurde, no seu desenvolvemento, na vida, nos comportamentos dos seres vivos e inertes, e como parece que a mesma Natureza está creando as Matemáticas.

Obxectivo

Estudar as conexións e as relacións das Matemáticas con outras áreas científicas ou actividades cotiás da sociedade.

Contidos

- As Matemáticas e a Arquitectura.
- As Matemáticas e a Mecánica.
- As Matemáticas e a Moda.
- As Matemáticas, a Arte e a Natureza.

Bibliografía básica

Alsina, C. (2018) Geometría y moda. Madrid:Catarata.

Chamoso, J.; Rawson, W. (2003) Matemáticas en una tarde de paseo. Madrid: Nívola.

Corbalán, F. (2002) La matemática aplicada a la vida cotidiana. Barcelona:Graó.

Corbalán, F. (2007) Matemáticas de la vida misma. Barcelona:Graó.

Gardner, M. (2011) Matemática para todos. Madrid:RBA.

Paulos, J. A. (1996) Un matemático lee el periódico- Barcelona: Tusquets.

Stewart, I. (1945) Las matemáticas de la vida . Barcelona:Crítica